

Artesanía: o traxe tradicional



Veneralidades sobre a vestimenta tradicional galega

José Antero Rodríguez Ordóñez

Traxe e vivenda constitúen dous elementos etnográficos fundamentais para o coñecimento dun povo. En canto ao primeiro, a composición dos tecidos, as súas cores, a forma e o tamaño das prendas e outros múltiples detalles, esbozan o tipo de vida e aínda o carácter de quen o empregan.

É sabido por todos a enorme dificultade que implica a investigación, moita xente déixase influir polo que nos ensinan algúns grupos, que como colectivo deberían dar mostras dun maior coñecimento, así como por cadros, láminas, incluso fotografías sen facer un pequeno estudo da procedencia da persoa que o fixo, as influencias que puido adquirir durante a súa formación profesional ou o grao de fantasía que puido ter á hora de facer unha composición pictó-



rica. Logo requírese un amplo coñecimento sobre a confección e interpretación das formas e cortes que pode levar, sempre axustándose aos cánones de forma de confeccionar as prendas desa zona á que pertence o traxe, sendo fiel ao mesmo e non estropeando o rico patrimonio herdado.

Estos traxes foron levados por sociedades traballadoras, e especialmente pola xente máis acomodada. Deúselles un grande empuje, por un sentimento nacionalista.

Están moi unidos aos ritos humanos do nacemento, matrimonio e morte, do traballo típico das estacións nas terras, relixión e festas.

Durante a idade media e primeiros tempos da idade moderna eran as ordenanzas dos gremios e as pragmáticas reais quen decidían o vestir da xente, prohibindo uns usos e aconsellando outros, segundo as diferentes clases sociais ou agrupacións gremiais. Sobre o traxe tamén tivo influencia a chegada da moda existente fóra da nosa rexión, pois polos portos navais chegaban xentes doutros países que nos trouxeron outras formas de vida e

de vestir, traballos feitos a man, como os ricos encaixes e complementos que logo se empregaron.

Galiza é unha das rexións que maior unidade garda en relación co traxe. Está sempre formado polas mesmas prendas, tanto no correspondente á muller como ao home. Ten un marcado atonamento severo.

Así como en outras rexións, o noso traxe tradicional foi un feito xeográfico, debido ás necesidades do clima e cultura.


O traxe, a máis de server como defensa contra as inclemencias do tempo, podenos indicar a provincia e máis concretamente a comarca á que pertence.

Isto fai que se lle considere, etnograficamente, un dos grupos de máis importancia, así como a casa e a terra coas súas ferramentas. É case unha creación artística do povo como expresión do seu concepto, que abrangue dende uns valores plásticos, á simple función utilitaria.

Os coñecimentos que se teñen sobre o noso traxe tradicional arrancan a mediados do século XVIII, e sábese, por medio de documentos anteriores a estas datas, do uso corrente de algunhas prendas que logo se incorporaron ao traxe.

Hai que ter moi claro que unha cousa é o traxe tradicional que nos recorda un tempo de máximo esplendor do seu uso, coa roupa existente paralelamente nese momento e que coñecemos como traxes de época.

Tamén existe un vestuario moi dos nosos días que se emprega para outra forma de expresión, como é o ballet, non hai que confundilo




en modo algún co tradicional, pois iste é confeccionado con outro tipo de material, máis lixeiro xeralmente e non está suxeito aos cánones polos que se poden rexir, pois o que se persegue é unha vistosidade para o maior lucimento do espectáculo, polo tanto é o resultado dunha fantasía creadora da persoa que os diseñou, aínda tendo algunha conotación co traxe da zona que serveu como modelo.

Estamos asistindo á explosión dunha cantidade de novo vestuario, sen base, todo vale, todo ten cabida, todo é auténtico, búscase a uniformidade mal entendida.

En xeral, o traxe tradicional galego está relacionado con panos de lá tecida, nun primeiro tempo en teares caseiros ou comunais, tinguidos con tintes naturais elaborados coas técnicas antigas, logo fóronse empregando os panos tecidos nas industrias, moitos máis depurados e finos.

Adornábanse con terciopelos de algodón, de seda, telas de damasco ou de raso, xeralmente enriquecidas con bordados en contas de cristal de cor negra, gris (chamado de lua) ou o de



Bristol, sendo o bordado máis usado o realizado no ar, requerindo para elo unha técnica xa desaparecida e moi laboriosa. Tamén se adornaban con bordados sobre o pano ou con pasamanería.

Os traxes deberían ser copiados dos orixinais antigos das distintas zonas, coas súas confeccións e complementos que lle son afíns.

A miña eterna queixa é que se está a producir unha dexeneración sobre a vestimenta tradicional, debido á ignorancia que existe na xente que se introduce no tra-

ballo da confección deste tipo de vestimenta e aos grupos de danza e corais, que queren facer o seu gosto personal sen documentación, ás veces por falta de economía, dando mostras de descoñecimento e falta de ética, ao tempo que empregan prendas de época ou de outras rexións.

MANUEL BRAÑAS

Comeza a súa laboura no estudo de artesanía e instrumentos populares en Lugo, así como o manexo dos mesmos formando parte de diversos

g r u p o s .

Posteriormente desenrola o cargo de director da Escola de Gaita da Deputación de Ourense, compaxinando esta laboura coa construción de instrumentos. Neste periodo crea o grupo de música folk «Arco da Vella».

Na actualidade desenrola o cargo de Director do Obradoiro - Escola de Instrumentos Populares da Deputación de Ourense.

O labor deste Obradoiro céntrase nun principio na construción de instrumentos tradicionais como: gaitas, zanfonas, harpas, requintas, instrumentos de percusión, etc.

Recentemente desenrolou o proxecto de reconstrucción dos instrumentos esculpidos na pedra do Pórtico do Paraiso da Catedral de Ourense, reconstrucción de gran importancia cultural, xa que aportou novos datos para o coñecimento da música medieval.

